



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 317
6 de maio de 2022



CSV: BOPGDSPG-ufgYpi6u-9

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Rexeitamento de emendas á totalidade

■ 32399 (11/PL-000013)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga

[124735](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación sen modificacións

■ 33475 (11/MOC-000095)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre a situación do sector pesqueiro (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 32289, publicada no BOPG núm. 296, do 23 de marzo de 2022, e debatida na sesión plenaria do 4 de abril de 2022)

[124735](#)

Rexeitamento da iniciativa

■ 33472 (11/MOC-000094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da transferencia do ingreso mínimo vital (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 32330, publicada no BOPG núm. 296, do 23 de marzo de 2022, e debatida na sesión plenaria do 4 de abril de 2022)

[124736](#)

■ 33607 (11/MOC-000096)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a política da Xunta de Galicia para mitigar a incidencia, nos fogares con menos recursos económicos, dos gastos de vivenda como consecuencia da guerra de Ucraína (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 31861, publicada no BOPG núm. 292, do 16 de marzo de 2022, e debatida na sesión plenaria do 4 de abril de 2022)

[124736](#)



1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 28510 (11/PNP-002499)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que inicie o proceso de revisión dos coeficientes redutores dos traballadores e traballadoras do mar e os adapte ás circunstancias actuais da frota e da actividade marítimo-pesqueira, marisqueira e acuícola

[124737](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 32845 (11/PNP-002861)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Porro Martínez, María Corina e nove deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da inclusión na planificación de Rede Eléctrica de España para 2021-2026 da conexión de Vigo á rede de moi alta tensión e da construción dunha nova subestación no polígono de Balaídos

[124738](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 32694 (11/PNP-002845)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de política económica diante do novo escenario macro e microeconómico para adecuar o Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 á situación económica xerada como consecuencia da guerra de Ucraína

[124738](#)

I 33244 (11/PNP-002908)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para destinar o 50 % do recadado polo imposto de hidrocarburos que lle transfere o Estado para subvencionar o gasóleo ás empresas galegas de transporte por estrada de pasaxeiros e mercadorías

[124738](#)

I 33613 (11/PNP-002943)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver un plan de medidas de resposta á crise e de modernización e desenvolvemento de Galicia

[124738](#)

I 33626 (11/PNP-002946)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre a realización dunha auditoría externa sobre os contratos negociados sen publicidade realizados pola vía de urxencia pola Consellería de Sanidade coa empresa Proyectos Hospitalarios Internacional, S. A.

[124738](#)**1.4. Procedementos de información****1.4.4. Preguntas****1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular****Admisión a trámite e publicación****I 34145 (11/PDC-000020)**

Pregunta de iniciativa popular sobre a inclusión dos estudantes universitarios entre os posible solicitantes do bono xove de alugueiro

[124741](#)**2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento****2.4. Organización e funcionamento do Parlamento****2.4.3. Convocatorias**

I Sesión plenaria (día 10 de maio de 2022, ás 9:30 horas)

[124740](#)

O Pleno do Parlamento, na sesión do 26 de abril de 2022, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Rexeitamento de emendas á totalidade

- 32399 (11/PL-000013)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga

BOPG nº 295, do 22.03.2022

Sométense a votación as emendas á totalidade de devolución, e resultan rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 33475 (11/MOC-000095)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre a situación do sector pesqueiro (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 32289, publicada no BOPG núm. 296, do 23 de marzo de 2022, e debatida na sesión plenaria do 4 de abril de 2022)

BOPG nº 306, do 12.04.2022

Sométese a votación por puntos co seguinte resultado:

Punto primeiro: aprobado por 58 votos a favor, ningún voto en contra e 14 abstencións.

Punto segundo: aprobado pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar do Estado español, sen menoscabo doutras actuacións que se consideren:

— A rebaixa dos produtos do mar ao tipo superreducido do 4 % de forma permanente, tal e como demanda a propia OMS.



— As actuacións necesarias para a paralización *sine die* de todas as normativas europeas e internacionais que se están poñendo, ou se pretenden poñer, en marcha. Nomeadamente, a revisión da Directiva de Tributación da Enerxía e o paquete de medidas denominado Fit-For 55, así como o Programa de Acción Medioambiental de UE para 2030 e o probable acordo da OMC sobre a eliminación dos subsidios pesqueiros.

— A exención temporal mentres se manteña a excepcionalidade da situación actual das cotizacións á Seguridade Social.

— A exención temporal mentres se manteña a excepcionalidade da situación actual do pago de todas as taxas portuarias que se aplican ás distintas frotas nos portos do Estado radicados en Galicia.

— Topar o combustible pesqueiro, tal e como demanda o sector, a 40 céntimos/litro.

2. Levar a cabo, sen menoscabo doutras actuacións que se consideren:

— A exoneración das taxas portuarias por servizos administrativos, profesionais e por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia mentres se manteña a excepcionalidade da situación actual.

— Axudas temporais, directas e urxentes que complementen as aprobadas polo Goberno español no Real decreto lei 6/2022 e minimicen as consecuencias derivadas da crise actual.»

Rexeitamento da iniciativa

- 33472 (11/MOC-000094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da transferencia do ingreso mínimo vital (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 32330, publicada no BOPG núm. 296, do 23 de marzo de 2022, e debatida na sesión plenaria do 4 de abril de 2022)

BOPG nº 306, do 12.04.2022

Sométese a votación por puntos co seguinte resultado:

Punto terceiro: rexeitado por 18 votos a favor, 40 votos en contra e 14 abstencións.

Puntos restantes: rexeitados por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 33607 (11/MOC-000096)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a política da Xunta de Galicia para mitigar a incidencia, nos fogares con menos recursos económicos, dos gastos de vivenda como consecuencia da guerra de Ucraína (Moción consecuencia



da Interpelación doc. núm. 31861, publicada no BOPG núm. 292, do 16 de marzo de 2022, e debata na sesión plenaria do 4 de abril de 2022)

BOPG n.º 306, do 12.04.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 28510 (11/PNP-002499)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que inicie o proceso de revisión dos coeficientes redutores dos traballadores e traballadoras do mar e os adapte ás circunstancias actuais da frota e da actividade marítimo-pesqueira, marisqueira e acuícola

BOPG nº 264, do 26.01.2022

Sométese a votación e resulta aprobada, pola unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para instalo a iniciar o proceso de revisión dos coeficientes redutores dos traballadores e traballadoras do mar, adecuándoos ás circunstancias actuais da frota e da actividade marítimo-pesqueira, marisqueira e acuícola.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 32845 (11/PNP-002861)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Porro Martínez, María Corina e nove deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da inclusión na planificación de Rede Eléctrica de España para 2021-2026 da conexión de Vigo á rede de moi alta tensión e da construción dunha nova subestación no polígono de Balaídos

BOPG nº 300, do 30.03.2022

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:



«1. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España que rectifique e inclúa na planificación de Rede Eléctrica de España para 2021-2026 a conexión de Vigo á rede de moi alta tensión e a construción dunha nova subestación no polígono de Balaídos para atender as necesidades de subministración da industria, demostrando así o seu compromiso con Vigo e a automoción viguesa.

2. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar tamén ao Goberno de España que converta o PERTE do vehículo eléctrico e conectado nunha ferramenta na que sustentar realmente a transformación do sector da automoción con criterios xustos e transparentes, que permita garantir a continuidade de Stellantis en Vigo e a súa posición como primeiro fabricante en España a través de axudas que faciliten o acceso ás novas plataformas e aos modelos eléctricos, o que repercute na industria auxiliar galega directamente e en miles de empregos asociados.»

Rexeitamento da iniciativa

- 32694 (11/PNP-002845)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de política económica diante do novo escenario macro e microeconómico para adecuar o Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 á situación económica xerada como consecuencia da guerra de Ucraína

BOPG nº 300, do 30.03.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

- 33244 (11/PNP-002908)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para destinar o 50 % do recadado polo imposto de hidrocarburos que lle transfira o Estado para subvencionar o gasóleo ás empresas galegas de transporte por estrada de pasaxeiros e mercadorías

BOPG nº 303, do 05.04.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

- 33613 (11/PNP-002943)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver un plan de medidas de resposta á crise e de modernización e desenvolvemento de Galicia

BOPG nº 306, do 12.04.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 16 votos a favor, 38 en contra e 14 abstencións.

- 33626 (11/PNP-002946)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre a realización dunha auditoría externa sobre os contratos negociados sen publicidade realizados pola vía de urxencia pola Consellería de Sanidade coa empresa Projectos Hospitalarios Internacional, S. A.

BOPG nº 306, do 12.04.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 3 de maio de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite e publicación

- 34145 (11/PDC-000020)

Pregunta de iniciativa popular sobre a inclusión dos estudantes universitarios entre os posible solicitantes do bono xove de alugueiro

A Mesa acorda:

1º. A admisión a trámite e cualificación como preguntas de iniciativa popular.

2º. A súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 17 apartado terceiro da Lei 7/ 2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os deputados e deputadas poden asumir como propias e convertelas en preguntas con resposta escrita ou oral no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Así, a través do rexistro electrónico, aberto as 24 horas do día, poderá producirse a asunción só a partir das 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Tal e como prevé o artigo citado, de seren varios os deputados ou deputadas que manifesten a súa asunción, será asignada a pregunta ao primeiro que o solicite.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2022

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 10 de maio de 2022, ás 9:30 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 10 de maio de 2022, ás 9.30 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 5 de maio de 2022, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único. Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia (doc. R.S. núm. 9117, publicado no BOPG núm. 315, fascículo 1, do 4 de maio de 2022).

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2022
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



PREGUNTAS DA CIDADANÍA

DATOS DA PERSOA FÍSICA/RAZÓNS SOCIAL DA PERSOA XURÍDICA

NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	
IKER		FERNANDEZ	VILLAR		
NOME DA VÍA			NUM	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
TELÉFONO			CORREO ELECTRÓNICO		

REPRESENTACIÓN DA PERSOA XURÍDICA (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	TIPO DE REPRESENTACIÓN

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Medio de notificación preferente

Electrónica a través do enderezo da Internet <https://sede.parlamentodegalicia.gal>. Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao DNI da persoa indicada

Postal (cubrir o enderezo só se é distinto do indicado anteriormente)

NOME DA VÍA		NUM	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	

Resumo sucinto da iniciativa: Preguntar á Xunta de Galicia se está nos seus plans incluír aos estudantes universitarios no futuro bono xove de aluguer.

MOTIVACIÓN (OPCIONAL): É de consenso na maioría da poboación que os prezos do aluguer de vivendas son excesivamente altos na maioría dos casos. Tamén que as residencias públicas, están sendo solicitadas bastante por enriba da súa capacidade. É por estas razóns que o futuro bono xove de aluguer é unha boa oportunidade para solventar este problema.

Documentación que se achega:

- Texto da pregunta
- Certificación da inscrición no censo electoral das persoas físicas preguntantes
- Acreditación da representación legal

A persoa asinante declara que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

O **Parlamento de Galicia** é o **responsable** destes datos. A **finalidade** do tratamento é a de prestar un **servizo na Sede electrónica** da institución, **lexitimada** pola **normativa** aplicable. **Destinatarios:** non existen cesións de datos. As/os solicitantes poderán exercer os seus **dereitos** previstos na lei, mediante un formulario a través da páxina Web: <http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos> na que dispoñen de **información adicional**.

ISLACIÓN APLICABLE

Parlamento do Parlamento de Galicia e normativa de desenvolvemento (art. 152 a 157)
 '2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia (art. 17)



SINATURA DA PERSOA FÍSICA OU REPRESENTANTE DA PERSOA XURÍDICA

Lugar e data

Santiago de Compostela

26

de

Abril

de 2022

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 26/04/2022 23:46:46

Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-ufgYlp16U-9

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>






Bo día,

Sendo coñecedor da súa labor e das actividades que realiza(n), diríxome a vostede(s) moi respetuosamente para preguntar:

Está nos plans da Xunta de Galicia incluír aos estudantes universitarios entre os posibles solicitantes do bono xove de aluguer?





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

